



Ponte deume

BANDO

ELECCIONS AO PARLAMENTO DE GALICIA DO 18.02.2024

EXPOSICIÓN DO CENSO ELECTORAL

Tendo en conta a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 243 de 26.12.2023 do **“DECRETO 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.”**

O Concello pon en coñecemento de toda a cidadanía que o Censo electoral para consultas e/ou reclamacións estará exposto ao público na Secretaría Municipal, en horario de 09 a 14h, durante o período seguinte:

- **Do 1 ao 8 de xaneiro de 2024.**

Para a consulta dos datos de inscrición, a identificación dos/as interesados/as realizarase do seguinte modo:

- D.N.I., pasaporte ou permiso de conducir.

Durante o mesmo período estará a disposición de aqueles/as electores/as interesados/as o impreso de solicitude de exclusión das copias do censo electoral, que se entregarán á representación das candidaturas proclamadas para o envío da propaganda electoral.



A solicitude de exclusión é un trámite que poden realizar os/as electores/as de modo permanente, tanto dentro dun período electoral coma fóra del e os que a soliciten non máis tarde do 8 de xaneiro, non recibirán propaganda electoral nestas eleccións. Se a solicitude se realiza posteriormente, terá efecto nas seguintes eleccións.

As consultas e reclamacións ao censo electoral, así como a solicitude de exclusión sinalada anteriormente, pódense facer, tamén, de xeito telemático na páxina do Instituto Nacional de Estatística (INE):

<https://www.ine.es/dyngs/CEL/index.htm?cid=41>

Os teléfonos de información da delegación provincial da Oficina do Censo Electoral para os/as electores/as son os seguintes:

900.343.232.(gratuíto)

981 217 439

Enlace de interese do procedemento electoral:

[Censo Electoral / Elecciones al Parlamento de Galicia de 18 de febrero de 2024 / Guía de funciones \(ine.es\)](#)

Documento asinado dixitalmente por Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde en funcións, en Ponte deume a 28 de decembro de 2023.